



**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ASINADO ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E O CONCELLO DE TOÉN PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE REHABILITACIÓN INTEGRAL E AMPLIACIÓN DA CASA CONSISTORIAL .**

1.-A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que en virtude do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a súa estrutura orgánica ten atribuídas a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de administración local e as competencias en materia de asistencia á Administración Local, así como o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais.

2.- **Antecedentes:** O Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza atribúelle a este departamento, a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de administración local atribuíndolle, entre outras, as competencias en materia de asistencia á administración Local, así como o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais.

Pola súa banda, os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecen que os municipios deberán prestar aos seus cidadáns os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

O Concello De Toén expuxo a necesidade de rehabilitar e ampliar o edificio da casa consistorial. O resultado será un edificio moderno, sen barreiras de accesibilidade.

3.- **Finalidade:** Para os efectos sinalados, con data 5 de agosto de 2016, asinouse co Concello de Toén o instrumento convencional arriba referido con unha vixencia dende a data da súa sinatura ata o 30 de decembro do 2016.

4.- O convenio ten por obxecto fixar as liñas de cooperación entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Toén para o proxecto de rehabilitación integral e ampliación da casa consistorial

5.- O instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte: coa execución deste proxecto as dependencias municipais gañarán espazo e crearanse novos espazos moi necesarios para unha axeitada atención aos veciños. Así este convenio responde ao interese público e social que representa o fomento de todas aquelas actuacións que permitan potenciar e apoiar





a prestación de servizos de calidade por parte dos nosos concellos, como Administración máis próxima aos administrados e corresponde con actuacións financiáveis de conformidade coa natureza do gasto.

Este contexto local insírese nun marco orzamentario fortemente restritivo que afectou todas as administracións públicas, sen que a administración local sexa unha excepción neste sentido. Deste marco deriva, entre outras consecuencias, as dificultades do Concello de Toén para afrontar en solitario os compromisos económicos que a execución das actuacións obxecto de subvención representan para a facenda municipal.

6.- A Vicepresidencia e Consellería Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza achegará a USC a cantidade de CENTO CINCUENTA MIL EUROS (150.000 €) que se imputarán á aplicación orzamentaria 05.21.121A.760.0.

7.- Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

É canto se especifica, en cumprimento do establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na *Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno*, no relativo á publicidade e rexistro dos convenios.

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2016

A secretaria xeral técnica



Beatriz Cuiña Barja



## DILIXENCIA DE CONSTANCIA

Esténdoa eu, José Ramón Pardo Cabarcos, subdirector xeral de Réxime Xurídico, para facer constar que a memoria que segue, que leva por título *Memoria Xustificativa do Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Toén para a execución do proxecto de rehabilitación integral e ampliación da casa consistorial*, é unha imaxe obtida mediante o escaneamento íntegro da memoria orixinal, que foi asinada de forma manuscrita o 5 de agosto de 2016.

E para que produza efectos cara a súa inscrición no Rexistro de Convenios do Sector Autonómico de Galicia, asino electronicamente a presente dilixencia.

